



## Boletín Informativo

Consellería de Educación e  
 Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n  
 15781  
 Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

### ENSINO DA LINGUA GALEGA NO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL EN CONTEXTOS CASTELÁN FALANTES

Convocatoria de accións para potenciar o ensino en lingua galega no segundo ciclo de educación infantil en contextos castelán falantes. Con esta iniciativa preténdese garantir os dereitos lingüísticos do alumnado

galego falante e dar desposta á petición das familias de que os seus fillos e fillas reciban o primeiro ensino en lingua galega aínda que o idioma maioritario do contorno do centro sexa o castelán. Poderán

participar na convocatoria os centros públicos con polo menos dúas liñas, unha das cales se impartirá en galego a petición dos pais e nais do alumnado.

[Acceso a convocatoria.](#)

### CONCURSO NACIONAL DE BOAS PRÁCTICAS DE CONVIVENCIA

No [BOE nº 142](#) do xoves 14 de xuño publicouse a Orde ECI/1726/2007, do 31 de maio, pola que se convoca o Concurso Nacional de Boas Prácticas de Convivencia para o ano 2007. Está dirixido aos centros españois sostidos con fondos públicos e os

premios concederanse en tres modalidades diferentes. En cada unha delas haberá tres: un primeiro de 9.000 €, un segundo de 6.500 € e un terceiro de 4.500 €. A todos os centros premiados entregaráselles tamén un diploma acreditativo. A proposta do

xurado, poderanse conceder mencións honoríficas para aqueles centros que, aínda que non obteñan premio, destaquen polo seu proxecto. O prazo para enviar as memorias remata o día 15 de xuño.

### PRIMEIRA EDICIÓN DOS PREMIOS CLIMÁNTICA

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible convoca a primeira edición dos Premios Climántica para elaboración de traballos sobre un proxecto de Educación Ambiental. Os premios

consisten nunha estadía totalmente gratuíta de 5 días nun campamento de educación ambiental de Galicia, no que tamén se desenvolverán actividades deportivas e de lecer. A estadía levarase a cabo

antes do inicio do curso 2007-2008. O prazo de presentación de traballos remata o 18 de agosto.

[Máis información](#)

### PREMIOS A PROXECTOS DE INNOVACIÓN EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

No [DOG nº 107](#) publicouse a resolución conxunta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Secretaría Xeral de Política Lingüística pola que se convocan Premios a Proxectos de Normalización Lingüística para des-

envolver no curso 2007/2008 que fomenten algún dos seguintes aspectos: o uso da lingua galega oral, o coñecemento do galego por parte da poboación inmigrante, a colaboración con diversas entidades para conseguir a gale-

guización do contorno dos centros educativos, a relación da lingua galega coas tecnoloxías da información e da comunicación.

#### Contido:

Ensino da lingua galega en educación infantil	1
Concurso Nacional de Boas Prácticas de Convivencia	1
Primeira edición dos Premios Climántica	1
Premios a Proxectos de Innovación en Normalización Lingüística	1
Axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo	2
“Premios IRENE: la paz empieza en casa”	2
Ingreso e acceso aos distintos corpos docentes	2
Oferta de ciclos formativos	2
Creación de centros de formación de adultos	2
Procedemento de admisión do alumnado nos ciclos formativos	2

### AXUDAS PARA O ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

**Portal Galego de Contidos Educativos**  
<http://www.edu.xunta.es/contidos>

No [BOE nº 146](#) do martes 19 de xuño sae publicada a Orde ECI/1976/2007, do 6 de xuño, pola que se convocan axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo para o curso académico 2007-

2008. Convócanse as seguintes axudas individualizadas: axudas directas para o alumnado, subsidios por necesidades educativas asociadas a discapacidade para familias numerosas, axudas para actividades

complementarias á educación regrada para o alumnado de altas capacidades intelectuais. O prazo de presentación de solicitudes rematará o 2 de xuño de 2007.

### “PREMIOS IRENE: LA PAZ EMPIEZA EN CASA”

**Plan Galego de Convivencia**  
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>

No [BOE nº 143](#) do venres 15 de xuño sae publicada a Resolución do 6 de xuño de 2007, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se

convocan os “Premios IRENE: la paz empieza en casa” para 2007. Os premios contarán coa seguinte dotación económica: o primeiro, 10.000 euros; os dous segundos premios, 5.000

euros e os tres terceiros premios, 2.000 euros. O prazo de presentación de solicitudes remata o 15 de setembro de 2007.

### INGRESO E ACCESO AOS DISTINTOS CORPOS DOCENTES

Polo Monte. Plan piloto 2007  
<http://www.edu.xunta.es/polomonte>

Lista definitiva de aspirantes que deberán realizar a proba de coñecemento de lingua castelá e de coñecemento de lingua galega para o ingreso aos corpos docentes. [Acceso.](#)

Lista definitiva de admitidos para as probas de ingreso ao corpo de profesores de secundaria. [Acceso](#)

Distribución entre os distintos tribunais dos aspirantes ao corpo de profesores de secundaria. [Acceso.](#)

Relación de aspirantes admitidos para o corpo de mestres. [Acceso.](#)

Distribución entre os distintos tribunais dos aspirantes ao corpo de mestres. [Acceso.](#)

### OFERTA DE CICLOS FORMATIVOS

No [DOG nº 114](#) do xoves 14 de maio sae publicada a orde do 28 de maio de 2007 pola que se actualiza a oferta de ciclos formativos polo réxime ordinario, por

curso completo en modalidade presencial, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. O Fondo Social Europeo cofinancia nun 80% os gastos

de funcionamento e de profesorado naqueles ciclos formativos relacionados coa sociedade da información e da comunicación.

### CREACIÓN DE CENTROS DE PROMOCIÓN DE ADULTOS

No [DOG nº 115](#) do venres 15 de maio sae publicado o decreto 116/2007, do 31 de maio, polo que se crean centros públicos de educa-

ción e promoción de adultos con sede nos centros penitenciarios de Galicia. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

determinará os cadros de persoal docente para cada un dos centros públicos creados neste decreto.

### PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO

**Rede de Centros Bilingües**  
[http://www.edu.xunta.es/contidos/rede\\_linguas](http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas)

[Orde do 5 de xuño](#) de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros do-

centes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos

medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

### I FESTA DA NARRACIÓN ORAL

O 7 de xullo en Arca (O Pino) terá lugar a "I festa da narración oral" organizada por Nova Escola Galega e o colectivo Tatalo. Dentro da mesma desenvolverase a

actividade de formación "I xornada sobre oralidade". Como complemento haberá sesións de contacontos profesionais e libres. Para

inscribirse e ter máis información:

<http://www.contocho.eu>.